



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de decembro de 2023 (1597/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta minutos do día dezanove de decembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1005).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(1006).- RESOLUCIÓN DAS “AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO-CURSO 2023-2024”. EXPTE. 250717/301.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 07/11/2023, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (Curso 2023-2024). Foron aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11.05.2023 (BOP nº 101, do 29.05.2023).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 135.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.192.589,40€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2023/2024. Desta cantidade, 604.209,40 € imputaranse ó exercicio de 2023 e o resto, 688.380,00 €, ó exercicio de 2024. A contía do ano 2024 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

I.3. Conforme co disposto nas Bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a “Comisión de Valoración” designada para o efecto (Base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 05.12.2023). Desá valoración resulta que:

A) 1.415 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os e cumpren os requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.



Concello de Vigo

O custo total das axudas de libros ascende a 141.500,00€ (= 1.415 x 100€). Este gasto financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 - RC 202300097223 (135.000,00€), RC 202300007010 (6.500,00€).

B) 3.956 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

O primeiro pagamento das axudas municipais de comedor (setembro-décembro 2023), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe, correspondente á resolución de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagaríase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

O custo do total do comedor para o Curso 2023-2024 das/os 3.956 alumnas/os que cumpren os requisitos ascende a 1.685.256,00€.

O gasto do exercicio de 2023 será de 736.456,87€ e aboaráse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202300097509 (604.209,40€), RC 202300007010 (132.247,47€) . Polo tanto, o primeiro pagamento (setembro-décembro 2023), equivalente ó 43,70% do total a adxudicar, é de 736.456,87€.

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 948.799,13€ para axudas de comedor 2024 (xaneiro-xuño 2024) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202300097510 (688.380,00€) que se propón ampliar en 260.419,13€.

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a Base 6ª da convocatoria.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 1.826.756€ (141.500€ de libros e 1.685.256€ de comedor) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 e aprobar a ampliación en 260.419,13€ do RCFUT 202300097510 (688.380,00€) para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor en 2024 (xaneiro-xuño 2024), que ascende a 948.799,13€.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2023-2024:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.415 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 141.500,00€ financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 – RC 202300097223 (135.000,00€), RC 202300007010 (6.500,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 257548/301 e remata co nº 260056/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 1.702 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente nº 257609/301 e remata co nº 260712/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2023-2024:

3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.956 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no ano 2023, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 202300097509 (604.209,40€), RC 202300007010 (132.247,47€).

O gasto de 948.799,13€ para axudas de comedor en 2024 (xaneiro-xuño 2024) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 202300097510 (688.380,00€) que se propón ampliar en 260.419,13€.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente nº 257548/301 e remata co nº 260056/301.

3.2. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 1.862 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 259312/301 e remata co nº 260712/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

CUARTO: Para o caso de que durante o Curso escolar 2023-2024 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-“Becas, libros, comedor”).

QUINTO: Publicar este acordo e a documentación complementaria de resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave “L” e a subclave 22.

SEXTO: Este acordo pon fin á vía administrativa e contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez